

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Celestino Fernández de la Vega, a Luís Seoane do 17/01/1975

Colección:

Data: 17/01/1975

De:

Celestino Fernández de la Vega;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Lugo (municipal), Lugo (comarcal), Lugo (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Arte Mural. Ilustraciones; Artes; Artes visuais;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Celestino Fernández de la Vega, a Luís Seoane do 17/01/1975

Lugo, 17-I-75
Sr. D. Luis Seoane
Buenos Aires

Meu querido amigo:

O seu tempo debido recibín o teu libro Arte Mural. La Ilustración. Moi agradecido polo envío e pola cordial adicatoria.

O texto leíno con moito interés polas noticias tan informativas que contén e polos xuícios tan sinceros e xustos encol da túa propia obra. Vexo confirmado o que xa sabía: que pertencas a esa crase de artistas enteiramente conscientes dos seus propósitos.

Dada a importancia que ten o color na túa obra é unha pena que non se poida apreciar nas reproducións.

Xustamente, parece-me moi atinado todo canto dis encol da importancia do color na arquitectura e no urbanismo e o seu desdén na época actual.

En canto a ese exconxuro do tempo polo estatismo, polo hieratismo, coido, efectivamente, que é unha das finalidades máis nobres e interesantes do arte plástico e, de certo, unha nota característica, inconfundíbel do teu estilo.

Coido que tamén é moi interesante no teu libro o catálogo de ilustracións e murales, pois ninguén como ti mesmo lle pode aforrar ós futuros críticos e biógrafos o enorme traballo de catalogación.

Coido que, nise senso, bótase de menos, nas reproducións a data correspondente.

Recibe unha forte aperta do teu amigo e admirador

Celestino

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.